

**Resolución de Xerencia relativa á modificación do prazo para a presentación de solicitudes previsto na resolución de xerencia do 22 de decembro de 2023, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan 30 contratos a tempo parcial para persoal investigador de iniciación dirixidos a alumnado de Máster (curso 2023-2024)**

Segundo no apartado sexta da convocatoria relativa a presentación de solicitudes da resolución do 22 de decembro de 2023 da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan 30 contratos a tempo parcial para persoal investigador de iniciación dirixidos a alumnado de Máster (curso 2023-2024), o prazo de presentación de solicitudes establecido é de 10 días naturais a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela

Con todo, detectouse un incidente técnico no funcionamento ordinario da plataforma electrónica do Banco Santander, que impediu aos interesados completar o proceso de presentación de solicitudes na devandita sede electrónica en relación coa convocatoria referida.

Aos efectos, e tendo en conta a imposibilidade para realizar o proceso de finalización de presentación de solicitudes en tempo e forma na plataforma electrónica do Banco Santander,

**Esta Xerencia resolve,**

Primeiro.- Modificar as datas de inicio e fin de de presentación de solicitudes relativas a prazo previsto no apartado sexto da convocatoria relativa a presentación de solicitudes da resolución do 22 de decembro de 2023 da Universidade de Santiago de Compostela pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan 30 contratos a tempo parcial para persoal investigador de iniciación dirixidos a alumnado de Máster (curso 2023-2024).

Segundo.- Establecer o novo prazo de presentación de solicitudes entre o **27 de decembro de 2023 e o 5 de xaneiro de 2024**.

*O Xerente da Universidade de Santiago de Compostela*

*Javier Ferreira Fernandez*

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27/12/2023 12:40:00.

**CSV:** 89F7-0CCD-43B5-B176